

Substantivo

Rexeitamento de falsas adscripcións de xénero

*este arte, *este fronte, *o cor, *o dor, *un análise, *o fraude, *aquele aldraxe, *o eclipse, *dous canles, *masacre humana, *a labor, *o porcentaxe, *unha cárcere, *a costume, *o seu arma, *un ave, *a mediodía, *a acordeón, *o epígrafe, *o marxe, *o acta etc.	Esta arte, esta fronte, a cor, a dor, unha análise, a fraude, aquela aldraxe, a eclipse, dúas canles, masacre humano, o labor, a porcentaxe, un cárcere, o costume, a súa arma, unha ave, o mediodía, o acordeón, a epígrafe, a marxe, a acta etc.
--	---

Substantivos masculinos

SON SUBSTANTIVOS MASCULINOS	
As letras, os número, os mares, os ríos, os cabos, os océanos e os puntos cardinais: <i>o Atlántico, o be, o Cantábrico, o sete, o norte, o Ortegá...</i>	
Os terminados en -i: <i>o conxoi, o pai, o penalti, o rabí</i>	exc.: <i>a nai, o hurí</i>
Os acabados en -o: <i>o estratega, o riso, o sorriso, o xogo...</i>	exc.: <i>a dínamo, a foto, a libido, a moto, a radio, a tribo</i>
Os finalizados en -u: <i>o bambú, o chapeu, o grou, o pau, o xampú</i>	
Os acabados en -me: <i>o acedume, o arame, o betume, o crime, o costume, o cume, o friame, o legume, o lume, o negrume, o papelame, o raizame</i>	exc.: <i>a fame, a derme, a mansedume, a servidume, a síndrome</i>
Os finalizados en -t, -g, -k, -h (nomeadamente estranxeirismos): <i>o anorak, o complot, o flash, o gong, o off, o test</i>	
Son tamén masculinos: <i>o berce, o cal, o cárcere, o couce, o cuspe, o dote, o éxtase, o fantasma, o fel, o fin 'obxectivo', o labor, o leite, o masacre, o mar, o mel, o nariz, o prebe, o raxá, o sal, o sangue, o sinal, o térmita, o til, o ubre, o xiz, os antípodas...</i>	

Substantivos femininos

SON SUBSTANTIVOS FEMININOS

- As árbores froiteiras e o froito

a cerdeira / a cereixa, a laranxeira / a laranxa, a maceira / a mazá, a pereira / a pera...

exc.: a figueira / o figo

Noutros casos, a árbore é masculina e o froito pode ser masculino ou feminino:

o castiñeiro / a castaña, o fatoeiro / o fatón, o limoeiro / o limón, o pexegueiro / o pexego...

- Os acabados en -a:

a ábsida, a aguia, a alma, a arma, a auga, a aula, a natureza, a pantasma, a reuma, a sentinela...

exc.: o champaña, o clima, o diadema, o día, o fantasma, o mapa, o pixama, o planeta, o plasma, o prisma, o poema, o problema...

- finalizados en -ade:

a idade, a deidade, a entidade, a liberdade, a mortalidade...

exc.: o trade, o frade...

- Os terminados en -axe:

a bricolaxe, a carraxe, a dobraxe, a friaxe, a masaxe, a paisaxe, a viaxe...

exc.: garaxe, paxe, traxe

- Os acabados en -ite:

a artrite, a colite, a conxuntivite, a elite, a gastroenterite, a otite...

exc.: o quite, o desquite, o convite, o envite...

- Os cultismos terminados en -se:

a análise, a crise, a dose, a hipotese, a tese, a clase, a eclipse, a énfase, a parálise, a paréntese...

exc.: o envase, o éxtase, o interese...

- Son tamén femininos:

a acne, a arbore, a armazón, a arte, a augardente, a ave, a avestruz, a bile, a cal 'canle', a calor, a canle, a cor, a culler, a cute, a dor, a epígrafe, a feluxe, a ferruxe, a fin 'final', a fraude, a fronte, a marxe, a orde, a orixe, a ponte, a pube, a roibén, a sebe, a síndrome, a suor...

Flexión de xénero nos substantivos

FLEXIÓN DE XÉNERO NOS SUBSTANTIVOS		
MASCULINO	FEMININO	EXEMPLO
-o/-e átonos	Muda para -a/-á	<i>amigo/amiga, burelao/burelá, mestre/mestra</i>
vogal tónica -ó	Acrecenta -a	<i>avó/avoa</i>
consoante distinta de -n (-r, -s, -l, -z)	Acrecenta -a	<i>deus/deusa, labrador/labradora, Dr./Dra., español, española, xuíz, xuíza</i>
-n	-án	Muda para -á
		<i>arteixán/arteixá, irmán/irmá, louzán/louzá</i>
	-ón	Muda para -ana (despectivo)
		<i>leilán/leilana, pailán/pailana</i>
	-ún	Muda para -oa
		<i>campión/campioa, ladrón/ladroa</i>
-ín	-ina	Muda para -ona (despectivo)
		<i>cabezón/cabezona, lambón/lambona</i>
	-ún	Muda para -una
	-ín	Muda para -ina
		<i>euscaldún/euscalduna</i>
		<i>bailarín/bailarina, pescatín/pescantina</i>

3.1.5 Formación do plural

FLEXIÓN DE NÚMERO NOS SUBSTANTIVOS		
SINGULAR	PLURAL	EXEMPLO
-vogal	Acrecentan -s	<i>café/café, noite/noites, rei/reis, canon/canons, irmán/irmáns</i>
-n		
-l	monosílabos	Acrecentan -es
	agudos polisílabos	Mudan -l por -is
	graves	<i>baúl/baúis, cristal/cristais, farol/farois, funil/funís, papel/papeis</i>
-r	Acrecentan -es	<i>caníbal/caníbales, cónsul/cónsules, réptil/réptiles, túnel /túneles</i>
		<i>cor/cores, muller/mulleres, luz/luces, voz/voces</i>
-z		
-s	agudos	<i>compás/compases, chinés/chineses, deus/deuses</i>
	graves	<i>o/os atlas, o/os lapis, o/os venres</i>
	esdrúxulos	<i>o/os mérceres, o/os ómnibus</i>
grupos consonánticos -ns, -x [ks] e -ps	Permaneces invariábeis	<i>o/os fax, o/os dúplex, o/os lux, o/os bíceps, o/os luns, o/os tórax</i>
-b, -c, -ch, -k, -m, -r, -t, -y... (cultismos ou estranxeirismos)	Acrecentan -s	<i>álbum/álbums, anorak/anoraks, clip/clpis, coñac/coñacs, pub/pubs, robot/robots, sándwich/sándwichs</i>
	Presentan dous plurais	<i>hippy/hippys/hippies póster/pósters/pósteres</i>

